

NORMAS DE FUNCIONAMENTO NO LABORATORIO

No traballo experimental é necesario que reine a orde e o rigor no laboratorio como principio básico de comportamento no mesmo, logrando así un traballo máis enriquecedor e no que se garanta a túa propia seguridade e dos que traballamos contigo.

Para iso é importante que teñas en conta as seguintes normas:

- Antes de realizar unha práctica debes de ler detidamente o guión da mesma para adquirir unha idea clara do seu obxectivo, fundamento e técnica.
- Ao entrar no laboratorio, atende as explicacións do profesor e diríxete ao teu posto. Para iso, o profesor terá formado os equipos de prácticas e lles asignará un posto de traballo concreto cun lote de material determinado para cada equipo.
- A partir deste momento debes de evitar todo desprazamento innecesario, procurando non moverte do teu posto de traballo.
- Antes de comezar o desenvolvemento da práctica hai que asegurarse de que contas con todo o material necesario, segundo a relación que aparece no guión da práctica. Non toques outro material que o que corresponde a túa práctica, aínda que o teñas o teu carón. Xogar con interruptores, enchufes, chaves de gas ou de auga, etc., poden levar consigo consecuencias moi graves.
- Non debes de traballar con prendas que colguen sobre a mesa (colares, bufandas, etc.) Se levas o pelo longo convén recollelo. Con todo iso evitarás arrastrar e envorcar obxectos ou queimarte cos chisqueiros. Coloca os teus libros e outras pertenzas nos lugares axeitados, de forma que non dificulten o traballo nin obstrúan os corredores.
- Manexa os produtos, reactivos e, en xeral, todo o material con precaución. Sobre todo os aparellos delicados como as lupas ou os microscopios. Se hai algo que non funciona correctamente débese comunicalo ao profesor e lugar de intentar reparalo.
- Todo o material que, a criterio do profesor, deterírese polo mal uso, será substituído polo alumnado responsable. Se non fose posible polo tipo de material de que se trate, a restitución farase en metálico.
- Ao manexar o portaobxectos e o cobre - obxectos deben de collese polos bordos para evitar que se manchen de graxa.
- Non botes corpos sólidos nas pilas, a non ser que estean moi finamente pulverizados e sexan doadamente solubles. Esa clase de residuos debes depositalo nas papeleiras. Se botas líquidos á pila, ten aberto a billa da auga.
- Non se deben manter os chisqueiros acendidos nin as lámpadas dos microscopios conectados mentres non se están utilizando.
- Cando remate a práctica limpa e ordena todo o material empregado na mesma. Comproba que todo volve a quedar en perfecto estado de uso, os aparellos eléctricos desconectados, as billas pechadas, etc.
- Finalmente, lava as túas mans antes de saír e espera a que o profesor che indique que podes abandonar o laboratorio.